



CONCELLO DE REDONDELA

Expte.: 5673/2020

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR UNHA DAS PERSOAS ASPIRANTES NO PROCESO SELECTIVO PARA 2 PRAZAS DE ADMINISTRATIVAS (PROMOCIÓN INTERNA)

Ás 13h do xoves 13 de xuño do 2024, na Casa do Concello (...)

O Tribunal é informado do escrito presentado por Manuela Docampo Pintos con data do 11 de xuño do 2024, núm. RE-4341. A alegación di literalmente:

1. Na pregunta núm.10 de acordo coa Ordenanza municipal do concello de Redondela reguladora da intervención urbanística municipal en obras e actividades quedarán suxeitas a licenza municipal previa de obra, sen prexuízo das autorizacións..... se sinala na plantilla de corrección como resposta correcta a letra a). Dado que na ordenanza reguladora da intervención urbanística municipal en obras e actividades, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 69 do 09/04/2014, se indica no artigo 8 que:

“ 1.- Quedarán suxeitas a licenza municipal previa de obra, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo: ...”

Así mesmo na súa disposición adicional primeira se establece que: “ Cando na presente ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia á norma que por promulgación posterior, substitúa a mencionada. “ Tendo en conta que no Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece no seu artigo 351.1.d) que está suxeitos a licenza municipal os muros de contención de terras (art. 142.2.d) de la LSG) cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio. É polo que á vista das referencias que fai a ordenanza municipal, tendo en conta a lexislación autonómica aplicable vixente é posterior á data da ordenanza, á altura dos muros de contención para que estean suxeitos a licenza municipal sería dunha altura igual ou superior a metro e medio polo que debe considerarse correcta a resposta da letra d). Xa que logo, solicito que se valore como correcta a resposta da letra d) e se teña como contestación válida con consideración da puntuación mínima exixida de acordo co proceso selectivo para cubrir dúas prazas de promoción interna.

A continuación o Presidente do Tribunal, como redactor da pregunta en cuestión, manifesta que a alegación está correctamente fundamentada e debe ser estimada. De acordo co artigo 351.1.d) do Decreto 143/2016 arriba citado están suxeitos a licenza municipal os actos de construción de muros de contención de terras cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.

Esta previsión normativa posterior á aprobación da ordenanza municipal implica por aplicación do principio de xerarquía normativa que a resposta d) da pregunta 10 do test tamén é correcta e, en consecuencia, así debe ser cualificada polo tribunal.

Tras a valoración, o Tribunal estima por unanimidade a reclamación. En consecuencia, revísanse as cualificacións das tres aspirantes dando como resultado

(...)

Manuela Docampo Pintos: 10,5

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





CONCELLO DE REDONDELA

María José Bastos Alonso: 12

Por tanto, o Tribunal acorda modificar as notas da anterior acta e realizará o anuncio de acordo coa nova modificación.

Documento asinado electronicamente

Cod. Validación: 4AH2SHZMLW6KFFNF7X2TGLC7A
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

